

OS DOUS DE CANDO EN VEZ

Miguel Cavadas Docampo

Espertei tan canso coma todas as mañás. Durmira unhas nove horas, pero a min parecíanme moitas menos. Pasábame iso que sempre pasa cando un dorme de máis, que ten máis sono que cando dorme de menos. É inexplicable, si, pero coma outros tantos enigmas contraditorios do día a día.

Erguinme e mireime no espello. Tiña os ollos cheos de remelas. Fun ao baño, lavei a cara e sequeina. Por un intre pensei en volver para a cama, pero xa era tarde, así que vestinme e baixei almorzar. Na cociña non había ninguén. Meu pai xa saíra a traballar, e miña nai probablemente iría na misa.

Despois púxenme a ler para quitar o sono. Estaba lendo o *Quijote*. Xa sei que é raro, que aos mozos da miña idade non lles dá por ler un clásico dese estilo, pero a min gustábame moito. Mandáranme ler os primeiros capítulos na clase de literatura, e quedara fascinado. Alonso *Quijano* era un heroe, un modelo a seguir, un patrón de conduta. Era, de feito, o que inspirara a miña idea. A idea na que levaba cismando moito tempo.

A miña idea pasara por varias fases dende que ao principio aparecera coma unha tolería inviable. Consideréina unha épica xesta cabaleiresca, un exercicio de superación persoal, unha imperiosa necesidade espiritual, unha liberatoria vía de escape e unha concienciada busca de min mesmo. Sufrira tantas evolucións que tiña claro que cumpría levala a cabo canto antes.

Pois ben, foi quizais unha frase que lin nese instante a que me determinou que ese debía ser o día da partida. Non é que me iluminase de súpeto un feixe de luz divina; se non o facía ese día había ser o seguinte, ou o seguinte do seguinte, mais nesa sentenza atopei un enérxico pulo de autodeterminación. A devandita frase era:

“Cada uno es artífice de su ventura”

Apunteina no meu caderno. Sempre apunto as frases que me chaman a atención no meu caderno para que non me esquezan. Se alguén o lese atoparía dende coñecidas citas filosóficas ata atractivos slogans publicitarios, pasando polos proverbios que solta inconscientemente Pedro Pérez.

Pedro Pérez, alias Peter, é o meu mellor amigo. Ten dezaseis anos, coma min, pero é un pouco máis baixiño. O seu cabelo é castaño, mais dunha cor tan clara que mesmo pode asemellar louro se un non se fixa ben. Lévaos máis curto ca min, e ten a manía de peitealo unhas vinte e sete veces antes de saír da casa. En serio, conteinas nunha ocasión. A súa pel é moi branquiña e quéimase co primeiro raio de sol. Sempre que imos á praia volve feito un lagostino porque o moi testán insiste en non botar crema. Na cara asómalle algún peliño, indicio dunha barba a piques de agromar, e tamén algún gran do acne. Para iso si que bota crema. Está forte, pero non polo exercicio que fai, senón porque de pequecho era un lapadoiras. Logo medrou e adelgazou un quintal.

Non podía aventurarme na miña idea sen el; levabamos anos descubrindo o mundo xuntos e ademais precisaba da súa axuda para acometer o meu propósito. Así que despois de preparar axeitadamente a miña mochila, saín cara á súa casa.

De socate caín na conta de que aínda podería estar durmindo, xa que non era día de clase e durmir é o seu maior *hobby*. Dorme a sesta todos os días, sen excepción, e os fins de semana déitase cedo e dorme até as tantas. Non é o único vicio que ten. Está enganchado ás redes sociais. Ten conta en *twitter*, *instagram*, *facebook*, *badoo*, *myspace* e outras tantas que nin sequera me soan.

A porta estaba aberta, así que entrei cando me fartei de berregar o seu nome. Irrompín no seu cuarto e alí estaba el, estomballado na cama, coa cachola afundida na almofada e media perna fóra. Achegueime e empecei a abanealo. Emitiu uns berríos agudos e espertou bruscamente. A saber que estaría soñando.

—Pero que fas, ho!

—Temos que marchar —quizais debería ter comezado doutro xeito.

—Onde?

—Por aí. Fuxir. Marchar da casa.

—Pero ti que dis, Xocas?

—Desaparecer un tempo. Escapar de todo. Sen pais, sen libros de texto, sen compromisos, sen horarios, sen...

—Para o carro —interrompeume—. Ti que fumaches?

Convencelo íame custar máis do que esperaba.

—Falo en serio, meu! Xa enchín unha mochila con todo o que nos fai falla. Só tes que coller o que precisas e a tenda de campaña.

—A ver, Xocas, vexo que non estás de broma. Pasou algo? Por que queres agocharte no monte?

—Non... non pasou nada. Non quero agocharme no monte. Quero ir a un sitio, lonxe de aquí. E quero que me acompañes. Veña, ho! Se esta *finde* non ías facer nada...

—Prefiro facer nada a unha ruta de sendeirismo.

—Non me sexas camanduleiro! Se sabes que o imos pasar ben!

—Podemos facer calquera outra cousa.

Peter sabe que eu sempre falo en serio e que é difícil sacarme unha idea da cabeza. E moito máis, esa.

—Eu lisco. Déixasme a túa tenda, por favor?

Rosmou algo incomprendible e marchou. Tiña que improvisar un plan B axiña. Se Peter non estaba disposto a vir comigo, tería que atopar outro colega que o estivese. Pero se nin o meu mellor amigo accedía, quen ía facelo?

Comecei a descartar nomes e nisto apareceu o Peter polas escaleiras cunha cara de paspán esaxerada ata para el. Inopinadamente sorprendeume cun súbito cambio de opinión.

—Imos. Fago a mochila, collo a tenda e saímos bulindo de aquí.

Non indaguei sobre a causa de que se lle modificase o *chip*, dábame por satisfeito con que viñese, mais debía ser algo realmente chocante porque non se peiteou nin unha vez antes de saírmos da casa.

Vilartoxo é unha parroquia pequena, perdida no medio e medio do monte. Respírase un aire fresquísimo, gózase dunha calma permanente, no inverno as montañas gornécennos da friaxe, hai polo menos un rapaz en cada casa, e inda por riba un veciño montou un bar súper chulo o ano pasado na antiga casa da escola, detrás do campo de fútbol, preto do río onde nos bañamos todos os veráns. Dito así, semella un pecado querer marchar dun lugar tan idílico. Pero o problema non é o lugar. O problema é a xente. A xente de Vilartoxo ten dous defectos, no meu parecer. O primeiro, que son uns contiñeiros, moi amigos dos dixomedíxomes. O segundo, que son uns beatos, ou peor, que o finxen. Non perden unha misa, un velorio, un enterro, un casamento, un cabodano, un segundo cabodano (non han tardar en inventar o terceiro)... Sempre van excesivamente engalanados á cerimonia, mulleres e homes, e dedícanse a mirar uns para os outros examinando os seus novos modelos. Dende logo, había sernos bo un respiro da nosa aldea.

Decidimos saír de Vilartoxo polo monte. Os dous tomamos un almorzo xeneroso, así que resolvemos non parar a xantar para avanzar máis e aguantar co bandullo medio baleiro até a noite.

Dende os cumios divisábase toda a parroquia. Era unha vista marabillosa, a dicir verdade, e aínda se percibía o cheiro característico de Vilartoxo: esa mestura de flora e fauna, de feo e bosta na súa xusta proporción.

Á cerradiña da noite detivémonos nunha chancela para acampar. Para montar a tenda seguimos o noso plan de acción habitual: eu penso e Peter fai. Formamos un tándem perfecto; nin el sería quen de descifrar as instrucións pola súa conta, nin eu de chantar os paus sen axuda. Hai que admitir que a forza non hai quen lle gañe. En cambio, na clase domino eu; ora ben, superar a Peter niso é ben doado, tendo en conta que confunde as análises sintácticas con aliñacións de equipos de fútbol e a táboa periódica cun taboleiro de parchís.

—Seguimos algún rumbo ou imos á deriva? —inquiriu Peter.

—Trouxen un fato de mapas e unha agulla de marear. Despois trazarei un itinerario e fixarei a dirección: a carballeira do Silvar.

—Non me soa. Que hai alí?

—Fun cando era moi pequecho, apenas me lembro. Era precioso. En serio, bucólico. Era outono e a terra estaba chea de follas. A min custábame andar porque me cubrían as pernas. Caía e non me erguía; envorcallábame na follaxe.

Tiña vagas acordanzas daquel día. Ese tipo de recordos que un non sabe se son reais ou invencións do subconsciente para suplir a carencia de memorias. O que si acordaba era que o pasara moi ben. E que deixara alí agochado algo que agora tocaba recuperar.

—Oes, que levas na mochila? —a ver se mo contaba, porque antes intentara osmar dentro e mirárame con ollos ameazadores.

—Auga, comida, calzóns, panos, cartos, unha lanterna, pouco máis.

—Que máis, eh?

—Nada, home.

Lanceime ó seu macuto e baldeireino. El tratou de determe, mais fun rápido. Atopeime con dúas cousas que me sorprenderon: unha botella de ron e unha caixa de preservativos. Escachei coa risa.

—En serio, Peter? Con quen os pensas usar? Leila non anda por aquí.

—Boh, garda iso, anda.

Leila é unha veciña maior ca nós. É o amor platónico de Peter dende que era aquel meniño repoludo. É moi guapa, iso é certo, ten unha melena dourada que lle cobre as costas e lle da certo aire de misterio. Agora xa está na universidade, polo que non vive en Vilartoxo. Cando marchou Peter quedou escachizado. Só facía comer, durmir, e falar dela. Aínda que iso tamén é o que facía normalmente.

—Un home sempre ten que ter a man unha reserva de condóns; non se sabe cando os pode necesitar —sentenciou.

Non lle dixen que estaba seguro de que non os iamos necesitar na viaxe por se se me viña abaixo. Estaba desesperado por perder a virxindade. Unha cousa sería. Des que enfraquecera andaba cacheiro. E inda por riba sempre acudía a min para falar deses temas. A conversación podía discorrer por dous camiños: ou me preguntaba cousas noxentas sobre o aparello reprodutor feminino, coma se eu fose a saber a resposta, ou me interrogaba sobre cantas veces me masturbaba ao día porque estaba preocupado por se el o facía demasiadas (as mesmas que se pasaba o peite; ía parello). Cumpría desviarse.

—E co ron pasa o mesmo, non?

—Exacto. Tíño gardado para máis adiante, pero se che apetece podemos empezalo.

—Teño sono, mellor outro día.

—Por certo, teño unha dúbida que me corroe. A ver se ma sabes aclarar, que me soa da clase de bioloxía. Cando as mulleres teñen, xa sabes, a regra... —agarrei a botella e pasei medio neto nun chingo.

Subíuseme en nada. Imitoume e tamén se puxo contento enseguida. Ergueuse e púxose a bailar. Chimpaba dun lado para o outro abaleando os brazos sen unha traxectoria firme. De golpe, cispou da tenda dando voltas sobre si mesmo a toda velocidade e afastouse tanto que non era quen de distinguilo.

—Peter! Peter! Volve, ho!

Pero nada. Non había maneira. Collín a lanterna e prendina. Apareceu de socate xusto diante de min, a unhas cuartas da miña cara, cos ollos en branco e berregando. Houben quedar no sitio.

—Coidado co “pensamento”! Coidado co “pensamento”! —advertiu o meu sobresalto e esmendrellouse coa risa.

—Que forma de facer unha referencia literaria!

Que conste que *A esmorga* foi o único libro obrigatorio que Peter se dignou a follear. É máis, o único libro, se non contamos os de debuxiños e os relatos eróticos que lle cacei unha vez nun caixón da súa cómoda.

—Xocas, que farías se foses moi rico, moi rico?

—Ti tes unha chea de cartos. En que os gastas?

—En subscricións a páxinas porno. En que os gastarías ti?

—En campañas de *crowdfunding*.

—Iso é algún tipo de práctica sexual?

É un pándego este Peter. Calou e de aí a un momento, sentino bagullar.

—Ei, Peter, que foi?

Rodeeino polos ombreiros co meu brazo. Non era a primeira vez que bebiamos e lle daba por mexericar.

—Xocas... Cres que Leila se lembrará de min?

—Como non se vai lembrar de ti, Peter! Xogo o que queiras a que está alangreando para que chegue dunha vez o verán para ir todos bañarnos ao río.

—Ti cres? E non terá un mozo alí en Compostela?

—Que non, ho! Leila éche unha rapaza responsable. Non creo que estea de xolda por alá. Estará estudando moito, que para iso foi.

—Teño tantas ganas de que volva.

A verdade, a min non me parece que Leila se teña fixado nel dese xeito algunha vez. É responsable, mais coido que irá de ruada polas rúas de Compostela coma calquera e non se preocupará de se lle quedou algún namorado na aldea.

—Por que somos amigos, Xocas?

—Como?

—Quero dicir, que por que nos fixemos amigos. Lémbreste? Eu non.

—Pois eu tampouco. Que curioso.

Non tiña a máis remota idea. A orixe da nosa amizade era un verdadeiro misterio. Peter viña de fábrica, coma os pais, coma esas cousas que un ten dende hai tanto tempo que nin sequera recorda de onde saíron, se foron agasallos dun aniversario perdido nun recóndito curruncho do cerebro ou antollos fervorosos dunha tarde de compras da infancia.

Entón bocexou e deitou a coca no meu colo. Tombeino ao xeito e arranxei un pouco a tenda namentres adormecía. Despois resolvín saír a tomar o aire en canto non me entraba o sono.

Xa se me baixara o alcol, así que notaba o frío do vento da montaña calando nos ósos. Pensei en Peter e Leila. El realmente estaba namorado dela. Eu non tiña a menor idea de que era iso. Nunca estivera namorado de ningunha moza. Houbera moitas que me gustaran, si, pero nunca cheguei a sentir algo especial. O meu coñecemento sobre

ese tema limitábase ao degoiro de Peter, á idealización quixotesca de Dulcinea e ás historias edulcoradas das películas americanas. Ás veces pensaba que non terse namorado á miña idade era síntoma de frialdade e soidade. Pero non me consideraba un rapaz falto de sensibilidade, nin nada polo estilo. Supoño que simplemente era difícil atopar unha moza que encaixase comigo.

Contemplei o panorama. Era fermoso. Non se enxergaba absolutamente nada. A escuridade pendía sobre o monte.

Á mañá seguinte almorzamos e dispuxémonos a proseguir a nosa andaina. Eu ía en cabeza, entendéndome cos mapas e procurando non desviarnos da nosa dirección. O cargo de guía é un traballo imposible para Peter, tendo en conta que fai unha revisión dos puntos cardinais para converter o compás nun tomador de decisións. Para el, o Norte é “Non” e o Sur, “Si”. E non se abraia cando o azar decide “Non” o cen por cento das veces. É o máis sensato, porque xeralmente as ideas coas que Peter me ilustra é mellor non poñelas en práctica.

—Pásame a botella de auga.

Bebín a chope e estaba a piques de devolvela cando tropecei cunha rocha e caín por un barranco abaixo, a rolos, batendo polo duro camiño con máis pedras e espetándome unha estela na perna esquerda. A botella chegou ao fondo da carricova segundos despois, baleira, claro.

—Agora si que a fixemos boa! Só queda outra botella! Imos ter que empezar a racionar —vociferou o outro dende arriba.

—Queres vir aquí embaixo, que me manquei!

Doíanme as costas, varias dedas e a perna na que tiña a estela cravada, mais non me laiei moito cando Peter chegou a socorrerme.

—A ver, onde foi ferido o cabaleiro da triste figura?

—Non ves que me chantei un racho?

Cando o advertiu puxo cara de pasmón. Observouno un intre, coma analizándoo, e de súpeto arrincouno de raíz. Sentín unha dor aguda, intensa e punxente que percorreu todo o meu sistema nervioso e me fixo emitir un potente bruazo que rachou agresivamente co aire e alcanzou Vilartoxo sen dúbida.

—PUTO PEDRO PÉREZ!!!

Foi fortísimo. Non sabía que podía gritar a ese volume. Coido que Peter tapou as orellas coas mans e todo. Da miña perna comezou a brollar sangue a cachón.

—Hemorragia! Vou chamar unha ambulancia! Vas necesitar unha transfusión; eu son B positivo, ti? —sendo sincero, asombreime. Non polos disparates que soltou, se non porque non pensaba que soubese o seu grupo sanguíneo— Estás ben? Cantos dedos ves aquí? —non me fixei en cantos ergueu, unicamente fíxenlle o corte de manga— Uf, si que estás ben, menos mal.

A “hemorraxia” cesou ela soa nun intre, deixando unha ferida que podía evolucionar quer en cicatrización, quer en infección. E o único que tiña para impedir o segundo era unha caixa de apósitos coa imaxe de Mickey Mouse.

—Xocas —empezou todo serio, coas mans nos meus ombreiros, a punto de anunciar un sacrificio— Tes que facelo.

—O que?

Tentei descubrir que animalada estaría facéndose pasar por idea na súa mente, pero, definitivamente, era tarefa imposible.

—Tes que mexar por ti. Se se che asaña imos ter problemas.

—Ben, de acordo con iso. Pero mexar por riba non me parece unha solución moi hixiénica.

—Contáronmo nun campamento ao que fun cando era pequeno. Se non temos outra cousa é o mellor que podemos facer.

Non sei por que, pero quedei aparvado imaxinando un campamento cheo de nenos obesos pintando pirámides de alimentación e comendo leituga rizada sen parar. Era a clase de campamentos aos que o cabrón do pai de Peter o mandaba de pequeno para despreocuparse aínda máis del.

—Ei, Xocas! Se queres fágoo eu. Pódoche mexar na ferida, non me importa.

E ofrecéuseme así, coma un colega que che deixa cartos para o bus un día que andas sen branca. Menos mal que volví en min, porque xa estaba baixando a petrina o moi simpático. Non sabía se iso de que os ouriños son desinfectantes eficaces era cientificamente certo ou un chistoso mito alpino, pero conformábame cos apósitos do rato favorito da miña infancia.

Paramos a comer un amoado de conservas que nos fixo bo proveito e permitímonos o luxo de estomballarnos na herba un intre contemplando o ceo azul. O día estaba espléndido e non ía ningún frío.

—Xogamos ás nubes? —propuxo Peter.

—Como se xoga a iso?

—O que fan nas pelis. Fíxaste nunha nube e intentas atoparlle algún parecido con algo.

—Vale, veña. Empeza ti.

—Ves esas de aí? .—sinalou unhas que eu identificaba coma as buxainas que me regalaba a irmá da miña nai cando era pequeniño e coas que me podía pasar horas e horas xogando hipnotizado pola súa increíble celeridade.

—Si. Xa sei o que é.

—A que si, pillabán! —dixo cun sorriso retranqueiro mentres me daba co cóbado e me chuscaba un ollo.

—Si. Xogaba con moitas de pequeno.

—Hostia! En serio? Cando?

—Eran agasallos da miña tía.—ergueu a calamoucha e fitoume asombrado.

—Pero que dis, meu?

—Iso. Que mas regalaba polo Nadal. Que pasa? —non sei que era o que lle parecía tan fóra do normal.

—A ver, pero... Non pode ser... Estasme dicindo que a túa tía che deixaba que lle sobases as tetas pola Noiteboa?

—Pero que carallo, Peter! Por Deus! Esas nubes son talmente unhas buxainas!

—Uf! Xa me estabas asustando, meu. Esas nubes son unhas boas verzas de muller. Fíxate ben. Se ata se lle notan as mamilas.

—Nas verzas si que estás ti, todo o día cismando niso!

—E logo? Ti non pensas niso ou que?

—Pois si, claro que penso. Pero non escribín na miña lista de propósitos de ano novo “foder”.

—Tes razón. Serei un adicto ao sexo? Xocas, ti cantas pallas te fas ao día?

Non, por favor. Ese tema non.

—Temos que proseguir.

—Agarda un chisco, que vou mexar.

Cando volveu tiña a mesma cara que puxera cando se convencera repentinamente de unirse á miña aventura por non sei que condenada razón.

—Aparecéuseche a Santa Compañía ou que?

—Oxalá! Aparecéuseme este.

De súpeto, saíu de entre as pólas o xabaril máis corpulento que vin na miña vida. Estaba recuberto dunha densa capa de pelame escuro e no seu calleiro cabiamos Peter e mais eu de sobra. Fitounos cun ollar severo e solemne, coma se posuise un escáner moderno nos ollos co que estivese pescudando a nosa valía. Semellaba que nos estaba retando. E Peter aceptou o seu desafío, porque o moi parvo colleu e mandoulle unha tremenda pedra en toda a faciana. O suido non o tomou a ben. Colleu impulso e dirixiuse cara a nós a fume de carozo. Loxicamente, liscamos de alí a todo correr, pero o animal era áxil abondo para soportar o peso de tamaño ventrullo e alcanzarnos. Adoptamos a divisa de “Sálvese quen poida!” e separámonos. O porco bravo considerou que o xusto era dar caza ao seu atacante e escolleu perseguir a Peter. Subín a un penedo para gozar do espectáculo e apostei polo xabaril. Peter berregaba coma un tolo e escapaba espavorecido. Deixei a corrida por un momento e mirei a natureza ao meu redor. As gallas das árbores chocaban as cinco, os paxaros achegaban a súa banda sonora de trilos melódicos e os coellos confiaban en segredo a localización exacta dos seus tobais familiares. Só por iso pagaba a pena a nosa viaxe.

Cando me decatei, o Peter seguía fuxindo, só que agora non o acosaba ninguén. Supuxen que tardaría horas en darse de conta, así que metín dous dedos na boca e asubiei. Ouvíume e virouse para comprobar que, en efecto, estaba san e salvo.

—Pensei que non o contaba, Xocas.—lanxiu mentres se achegaba botando os fígados.

—A culpa é túa, paiolo! Para que carallo lle tiraches unha pedra?

Proseguimos o noso camiño e fomos a dar a unha estrada coa determinación de facer autostop. Peter estirou o bazo co cachapiollos en alto. Non parou ningún coche. Todos pasaban acelerando cando se achegaban a nós e ignorándonos por completo, coma se non existiramos. Ao cabo detívose unha pintoresca camioneta azul ceo. Viña moi devagar, emitindo un son mecánico alarmante e liberando pequenos nubeiros

negros de gas polo tubo de escape. O seu único ocupante era un home novo cunha barba crecha que debía levar meses sen afeitar, un aro no nariz e unha tatuaxe do símbolo da paz no brazo dereito.

—Veña, subide!

Peter olloume coma se aquel home nos fose secuestrar, mais eu xa me sentara na praza do copiloto sen dubidalo.

—Chámome Silvio. E vós?

—Eu son Xocas e el é Pedro.

—Peter, son Peter —matizou.

—E que facedes tan lonxe da civilización?

—Estamos de viaxe improvisada. Para estar en contacto coa natureza e iso.

Aí Peter estivo agudo. Un *hippy* non faría preguntas incómodas.

—E ides a algún sitio en concreto ou onde vos leven os camiños?

—Pensabamos pasar pola carballeira do Silvar. Coñécela?

—Pois claro que a coñezo. Eu vivo preto de alí.

—Si? Que casualidade! Así acurtamos.

A radio estaba soando, pero tan baixiño que non se discernía ningunha canción. De pronto, xirou a roda do volume até o seu límite e comezou a cantar sen ningunha vergoña, desafinando e xesticulando excentricamente coa cabeza. Rematou a canción e Silvio e mais eu comezamos a falar de música. Jimi Hendrix, The Mamas & The Papas, Don McLean e por suposto os Beatles atopábanse entre os seus clásicos favoritos. Eu era máis dos grupos de folk rock actuais, pero de vez en cando gozaba escoitando ese tipo de música. Peter estaba morto de aburrimiento. Nós seguimos a parrafear. Silvio estaba casado e tiña dous nenos pequenos xemelgos, pero tamén vivía coa súa sobriña, porque os pais dela morreran nun accidente de tráfico. Habitaban unha casa de madeira que eles mesmos construíran e vivían do que sementaban nunhas cantas leiras e un invernadoiro, e do gando que criaban. Procuraban ser autosuficientes. Se non lles cadaban as contas ofrecíanse a rozar o monte da aldea máis próxima ou axudar os veciños cos traballos agrarios. Se pola contra obtían algo de excedente, vendíanlo na feira. Os pequechos eran educados na casa. Silvio quería que os seus fillos coñecesen ese estilo de vida para que fosen eles mesmos os que elixisen se querían adoptar a súa filosofía ou vivir no mundo urbano e capitalista. El estaba convencido e díxome que non cambiaría a súa humilde vida por nada porque era feliz.

O noso diálogo fíxome reflexionar. Silvio consideraba que era feliz. Nunca coñecera a unha persoa que me dixera que era feliz, polo que deducira que a felicidade era inalcanzable. En cambio, Silvio perseguira os seus ideais e forxárase unha vida feliz vivindo como el quería. A xente como el era realmente inspiradora. A sociedade non nos ensina que vivindo ao noso xeito podemos ser felices; cínxenos a un patrón invariable que en teoría nos vai proporcionar unha vida plenamente satisfactoria. En teoría.

—Hoxe quedades a comer na miña casa. Así preséntovos a miña familia e amósovos como é o noso día a día.

—Por min fantástico. Se non é molestia, claro.

Peter non contestou. Nin sequera ouvira a proposición. Durmía a sono solto. Era increíble o que era capaz de durmir.

Levounos máis de media hora chegar á casa de Silvio. Era unha vivenda pequena pero preciosa. Semellaba unha desas casoupas que presiden a portada dos folletos de destinos de montaña das axencias turísticas. Os fillos de Silvio saíron correndo a recibilo. Eran coma dúas pingas de auga: dous cativos de pelo longo e louro que lles cubría boa parte da cara.

—Papá! Papá!

—Tranquilidade, charabiscas! Temos invitados, así que vos tendes que comportar moi ben.

—Quen son?

—Son uns amigos de papá. Xocas e Peter.

Un dos meniños estreitoume a man enerxicamente para demostrarme o seu vigor.

—Eu son Xurxo.

O outro chocoume as cinco con chularía.

—Eu son Xulio.

Despois das presentacións entramos na casa. Era modesta pero moi acolledora. Estaba chea de adornos artesanais: dende cuncas de cerámica até esculturas en madeira.

—O meu *hobby*: tallar madeira.

Fixeime nunha figura en especial. Era unha muller tecendo nun tear arcaico. A tea era en realidade un fermoso mosaico etnográfico: baixo uns piñeiros bravos ouveaba unha manda de lobos feros a un gaiteiro disposto que se achegaba tocando pola beira dun cantil escarpado namentres un vello de mestas barbas contemplaba a inmensidade do mar.

—Gústache? É a miña favorita.

Vireime e vina. Aparentaba algún ano máis ca min. Vestía uns pantalóns amarelos moi curtos, que deixaban ao aire as súas longas e bonitas pernas, e unha camiseta azul sen mangas. Fixeime en que tiña o pulso da man dereita cheo de pulseiras de diferentes materiais, moitas delas con inscricións en letra moi pequena e en varios idiomas. Levaba o pelo recollido nunha coleta. Era morena, pero nalgunhas rexións a súa melena tornábase clara, namentres noutras aparecía unha tonalidade máis ocre; o seu cabelo era un luxoso espectáculo cromático. Era moi guapa. Estábame mirando con ese sorriso tan seu que ten sempre bosquexado no rostro, tan fresco e natural, tan doce e afable, tan espontáneo e auténtico. Exactamente igual ao seu ollar, no que reside oculto o poder máxico de ler o pensamento.

—Si, está moi ben feita e é moi orixinal.

—“*Un paso adiante i outro atrás, Galiza*”

—“*i a tea dos teus sonos non se move*”

—“*A espranza nos teus ollos se esperguiza*”

—“*Aran os bois e chove*”

Sempre que falaba con ela tiña a sensación de que me propuña un reto. E sempre o superaba con nota.

—Son Celtia. A sobriña de Silvio.

—Eu son Xocas. Encantado de coñecerte.

E dinlle dous bicos para comprobar a suavidade das súas fazulas.

—Silvio sempre invita a xente para o xantar: ermitáns, mendicantes, perdidos...

Que sodes vós?

—Somos... viaxeiros.

—Viaxeiros? E para que viaxades?

—Supoño que para chegar, coma todos os que viaxan.

—Para chegar onde?

—Saberémolo cando cheguemos.

—Bonito apósito, por certo.

Ruboriceime. Nin sequera me lembraba de que aínda o tiña posto.

Silvio e a súa muller prepararon unha deliciosa sopa coas verduras que cultivaban e unha tortilla de patacas. Despois do que levabamos comendo os últimos días, agradecíase xantar algo cociñado con esmero. A muller de Silvio tamén era moi agradable, e todos parecían encantados coa nosa presenza na casa, incluídos os pequerrechos, que estaban interrogando a Peter. Este por fin se desfixera da mala cara que traía dende o traxecto en coche e semellaba contento de facer dous amiguiños.

—Así que sodes de Vilartoxo. Non está nada cerca. Sorpréndeme que nun día a pé xa esteades por aquí. Definitivamente, sodes uns aventureiros.

—Atallamos polo monte. Peter tivo unha contenda cun xabaril.

—Si? En serio?

—Era colosal e viña a por min. Pero conseguín despistalo.

—Como o fixeches, Peter? —preguntoulle Xurxo.

—Como era de grande? —quixo saber Xulio.

Peter comezou a contarlles aos xemelgos a súa particular versión do episodio do porco bravo, na que el se retrataba coma un heroe que acometera unha proeza épica. Entón Silvio recibiu unha chamada e afastouse. Celtia estaba sentada xusto en fronte de min, e eu notaba que me ollaba constantemente e que sabía perfectamente o moito que espertara a miña curiosidade. Silvio volveu con malas novas.

—Era o Manolo. Quere que o axudemos hoxe cunhas vacas que lle van traer. Síntoo moito, rapaces, de corazón. Celtia, que che parece se lles ensinas ti a casa e os levas a dar unha volta? Podedes ir ata as fervezas. Hai un bo treito, pero paga a pena.

—Paréceme unha idea fabulosa —respondeu Celtia sen arredar a vista dos meus ollos.

—Eu case que quedo. Estes dous trasgos préganme que os aprenda a xogar ao fútbol —anunciou Peter.

Peter xogaba ao fútbol dende pequeno. Non se metera por iniciativa propia, claro está; a idea fora do cretino de seu pai, a ver se o rapaz adelgazaba a base de moverse. Non se lle daba mal, a verdade, de feito elixíranlo capitán do equipo da parroquia que, non obstante, ocupaba a derradeira posición na liga comarcal.

A perspectiva dun paseo a soas con Celtia era moi atraente. Durante a excursión teríamos tempo abondo para intimar e gozar da natureza. Morría por coñecela máis a fondo. Aquela rapaza estimulara o meu interese dende que recitara os versos do poema de Díaz Castro.

En primeiro lugar amosoume o seu cuarto. Era pequeno, mais moi ordenado e decorado ao seu xeito. Os cuartos son uns bos referentes para coñecer ás persoas. O seu estaba chea de trebellos que desvelaban trazos da súa personalidade. O seu escritorio estaba ateigado de apuntamentos e *tablaturas* para a guitarra eléctrica que tiña apoiada contra a parede. Na porta do seu armario pegara un póster de The Lumineers e na súa cama xacía un exemplar de *Herba moura*. Nun fío metálico pendurado enriba da fiestra, varias pinzas suxeitaban unha coidadosa escolma de fotogramas dalgúns filmes representativos da historia do cinema.

—Dáste de conta de que podo saber moitas cousas sobre ti vendo todo isto, verdade?

—Se te traio aquí é porque non me importa que as saibas.

—Dende cando tocas? —preguntei examinando o instrumento.

—Dende que morreron os meus pais.

Pouco acertado, eu. Non quería tocar ese asunto e que ela se sentise incómoda, así que optei por unha tópica condolencia e un apropiado cambio de tema.

—Síntoo moito.

—Non pasa nada.

—Estas *tablaturas* son de cancións de The Lumineers?

—Non. Son esbozos meus.

—En serio? Compós?

—Inténtoo. O meu soño é dedicarme á música. Por agora só toco no bar da vila algún sábado pola noite, pero xa é algo. Se queres despois tócoche unha.

—Si! Por favor! Estaría xenial.

Eslumecía por escoitala facer vibrar as cordas da guitarra. Canto máis sabía sobre ela, máis quería saber.

Amosoume a casa por completo. Despois dirixímonos ao invernadoiro. Era moi amplo e contaba cunha considerable variedade de especies. A granxa tampouco escatimaba en diversidade; criaban porcos, galiñas, vacas, patos e coellos. Cando visitamos estes últimos, Celtia insistiu en presentarme a un en particular. Achegouse a el paseniño, tentando non facer ruído, mais o animal escapaba dela medorento. Á fin cazouno e colleuno no colo.

—Parece moi medroso, pero diso nada. O sitio onde te vou levar descubrino por culpa deste cachafello, un día que lle deu por ir de aventuras, como a ti.

—Indo de aventuras descóbrense moitas cousas que pagan a pena.

—Non o dubido. Chámase o Coello Branco. Estréitalle a patiña.

—Un pracer —presenteime.

—Agora estás preparado para seguirme cegamente?

—Como Alicia.

Abofé que o estaba. Saímos do terreo da casa e internámonos na foresta. Celtia ía abrindo a marcha. Eu acompañábaa uns pasos máis atrás procurando seguirlle o ritmo pero, a verdade, non era nada doado. Manexábase de marabilla: sorteaba as rochas, esquivaba os toxos e saltaba as pólas caídas.

—Cóntame, como é Vilartoxo?

—A que te refires?

—Non sei, como é a xente, a que se dedican, con que soñan...

—Son moi amigos dos chismes, a dicir verdade, andan a criticarse uns aos outros. A maioría traballan para o pai de Peter na súa empresa. É un fillo de puta, sendo franco. Só se preocupa polos cartos; non mira nin para a súa familia.

—E hai xente nova?

—Si, niso temos sorte, aínda somos bastantes da miña quinta.

—Que ben! O malo de vivir no campo é que case non hai xente da nosa idade. Aquí estamos dúas rapazas e mais eu, e inda por riba a miña casa queda lonxe de todo.

—Supoño, pero eu non me mudaría á cidade. Ás veces non aturo aos veciños, mais coido que non sería quen de soportar a monotonía e frialdade das capitais.

—Eu tampouco. Gústame o modo de vida alternativo que levamos na nosa casa.

—Explicoumo Silvio. Cáeme moi ben, é bo tipo.

—Silvio é un home extraordinario. Ten un corazón que non lle cabe no peito. Quérenos moito. Telo que ver xogando cos xemelgos; eles son uns fedellos, non paran quietos, pero el nunca se farta. Poden pasarse o día enteiro correndo e envorcallándose na herba. E a min axudoume tanto... Non sei que tería feito sen el. Pero non me dixeches cales son os soños da xente de Vilartoxo.

—Porque non teño nin idea das súas aspiracións, se é que as teñen.

—E ti? Cal é o teu soño?

—Pois... non sei.

—Como non? Todos os idealistas teñen que ter un soño polo que loitar.

—E quen che dixou que eu son un idealista?

—Sei que o es.

A ollada de Celtia traspasara os meus ollos e investigaba discretamente íntimos recunchos da miña alma que eran descoñecidos até para min.

—Podo ler as túas pulseiras?

—Claro.

Detivémonos, alcanceina e explorei a súa man dereita. A primeira que lin rezaba: “A maior rémora da vida é a espera do mañá e a perda do día de hoxe”.

—De Séneca, non si?

—Que listo!

Despois fixeime nunha en francés que viña dicindo: “O opresor non sería tan forte se non tivese cómplices entre os propios oprimidos”.

—Esta de quen é, Xocas?

—Pois... non o sei.

—Que raro! De Simone de Beauvoir.

Directas para o meu caderno. Por último reparei nunha que debía estar en alemán. Non entendía unha palabra.

—Esta que dí?

—É a máis coñecida. “A relixión é o opio do pobo”.

—Pensas coma Marx?

—Si. Son unha herexe. Creo que non hai que ter fe en Deus, senón nun mesmo.

Non sabía de canto espazo dispoñía no meu caderno, pero a ese paso as súas frases ían enchelo enteiro.

—E ti? Cres en Deus?

—Non teño probas da súa existencia, pero tampouco da súa inexistencia.

—Es agnóstico, entón? Iso está moi de moda entre os pedantes.

—Cres que son un sabichón?

—Sei que non o es.

Sabíao porque cos seus ollos feiticeiros era capaz de catalogar ás persoas.

—En Vilartoxo non pensan así. Non saen da igrexa. Son uns fregueses exemplares.

—Nas aldeas adoita ser así. Pero iso non ha durar moito. A xente da túa idade vai á misa?

—Só o día da festa ou cando nos obrigan.

—Ves? O rural galego está atrasado. Os vellos empéñanse en manter intactas tradicións anticuadas que caducaron hai séculos. Esa forma de vida está nas últimas. Se cada cando nós esteamos xubilados nin existen as aldeas. Os vellos morrerán e os novos migrarán. Quedaremos ti e mais eu sós no monte.

—Eu non o vexo así. O rural é unha parte fundamental da nosa historia e da nosa cultura e como tal temos que protexelo.

—E de que vai servir iso? Non te das de conta de que acabará por desaparecer de todos os xeitos, antes ou despois?

—A maneira do rural galego de sobrevivir é o progreso.

—Eu creo que nin con esas. Nesa trincheira non paga a pena loitar.

—Todos os idealistas teñen que ter unha causa que defender.

—E quen che dixo que eu son unha idealista?

—Sei que o es.

Así que Celtia vía a supervivencia da nosa cultura tradicional coma unha batalla perdida. Era a primeira cuestión sobre a que tiñamos posturas ben diferenciadas.

Camiñamos durante case unha hora, conversando animadamente sobre unha infinidade de temas: especies de insectos, follas das árbores, xéneros de música, lendas do cine, obras de poesía, series de televisión, movementos artísticos... Manter unha conversa con Celtia era enriquecedor; aprendía un montón de cousas. Finalmente parou, apartou as pólas dun piñeiro e desveloume o ceo.

Era asombroso. A auga esvaraba engorde por un caudaloso río que era necesario intuír para deixarse caer adrede por un elevado cadoiro, esculpindo formas caprichosas na rocha ao seu paso e aterrando bruscamente nunha pequena charca cun estoupido resoante de burbullas turbulentas. Á beira da poza medraban uns sanxoáns en ringleira que acababan de rosear. Celtia estraloume unha flor na orella para que saíse do meu ensimesmamento.

—É fermoso.

—Pois haberá que bañarse, non?

Cando mirei para ela xa quitara toda a roupa. Estaba totalmente espida. Foi tan imprevisto que non me deu tempo a fixarme antes de que se somerxese, mais nese intre fugaz puíden albiscar o perfil canónico da súa figura e o contorno redondeado dos seus

peitos. Fiquei alí de pé, cativado pola beleza dos seus cabelos soltos que se esvaecían baixo a auga e volvían emerxer vertixinosamente.

Espinme eu tamén, cheo de vergonza, e mergulleime. Nadamos até o callón e gozamos dos aloumiños da ferverza nas nosas costas. Mireina aos ollos. Tiña moitas ganas de bicala. Devecía por facelo. Era o momento ideal. Entón comezou a chover a retortoiro. Acostumo botarlle a culpa ao tempo atmosférico, pero a verdade é que non fun capaz. Non tiven o atrevemento. Aínda me arrepiño.

Ela saíu da auga, secouse un pouco coa súa propia roupa e vestiuse. Eu tiven que finxir que perdera o meu reloxo na poza para agardar a que se me baixase a erección que levaba ben tempo tentando reprimir.

Chegamos á casa enchoupados. Silvio convidounos a durmir alí esa noite e esperar a que amainase. Durante a cea, os xemelgos relataron minuto a minuto o seu partido contra Peter, e mesmo lle amosaron a seu pai algunha das xogadas infalibles que lles ensinara. Despois Peter marchou para a cama porque quedara mallado dunha tarde con semellantes abelurios. Eu subín ao cuarto de Celtia a polo que me prometera.

—Dixeches que me ías tocar algo.

—Fareino a cambio dunha cousa.

—Que queres?

—Silvio díxome que tendes pensado ir á carballeira do Silvar. Que hai alí?

Era moi lista. Non se lle escapaba unha.

—Un obxecto que enterrei hai moito tempo.

—De que se trata?

Confesarlle o obxectivo da miña viaxe en troco de escoitala tocar parecíame un trato xusto.

—Unha cápsula do tempo.

—Vaia! Que interesante... E que deixaches nesa cápsula do tempo?

—Se che son sincero... non me acordo. Por iso quero recuperala.

Era verdade. Por máis que intentara fozar na miña memoria, non conseguía lembrar que metera nesa cápsula cando era un neno. Dende logo, tiña que ser algo moi significativo, así que esperaba achar moitas respostas cando atopase a cápsula.

—Agora tócache a ti. Colle a guitarra.

—Vouche tocar a miña canción favorita.

Sentouse na cama, inspirou e comezou a tocar os acordes de *American Pie*. Cando empezou a entoar a letra de Don McLean un calafrío de emoción percorreu o meu corpo dende a cabeza até os pés, encrespándome o cabelo e pón dome a pel de galiña. A súa poderosa voz era capaz de acariñar os sentimentos. De socate, cando chegou ao refrán, soltou o instrumento e colleume polas mans, obrigándome a bailar con ela a famosa estrofa. Daba tantas voltas e viraxes que acabei mareado. Apoiábase nos meus ombreiros e levaba ela o paso. Eu facía o que podía, pero era imposible imitar todos os seus movementos a tanta velocidade. Torcía, brincaba, abaixábase e aínda así non desafinaba unha nota

—Como o fas?

Botou a rir ás gargalladas. Estomballeime na súa cama, moído, e deitouse enriba de min. Tiña os seus beizos a uns centímetros.

—Es moi guapo, sabes? Tes unha mirada distraída pero reflexiva ao mesmo tempo, un sorriso tímido cara a comisura dereita, un peiteado descoidado que che queda de marabilla...

Deixei que o impulso me guiase e con valor dinlle un bico moi breve e sutil nos beizos. A súa reacción foi inesperada; comezou a beixarme delicadamente cada un dos lunares escuros que teño dispostos en liña no brazo esquerdo, dende o pescozo até o dedo medianiño. Cando rematou retornou aos meus labios e dixo:

—Podes durmir comigo, por favor? Silvio non se vai decatarse.

Raiaba cando saín da habitación de Celtia e corrín a deitarme no sofá onde Peter roncxaba estrepitosamente. Os xemelgos foron os primeiros en levantarse e foron espertar a Peter para que lles aprendese máis tácticas. Despois ergueuse Silvio e preparou un succulento almorzo. Tiña que ir a unha aldea ao norte, e ofreceuse a levarnos, xa que a carballeira do Silvar quedaba de camiño.

O momento da despedida foi melancólico. Experimentara tantas emocións nas últimas horas que non fora capaz de asimilalas todas e non quería dicirlle adeus a Celtia tan pronto.

—Espero que atopes o teu soño —díxome.

—E eu espero que atopes a túa causa.

Xurxo e Xulio abalanzáronse sobre Peter e tíveno que axudar a despegarse deles. Montamos na extravagante camioneta e marchamos. Pensei que faríamos logo de achar a cápsula. Dependía do que estivese nela gardado. De todos os xeitos, se a nosa viaxe remataba aí, tería sido unha experiencia inesquecible.

Silvio deixounos nas canteiras do Silvar, que están a uns poucos quilómetros da carballeira, desexounos sorte e aínda tardou en perderse no horizonte con esa carraca que tiña por vehículo.

—Agora xa podes contarme o que pasou onte, cabaleiro da triste figura. Ou se cadra xa non tan triste... —abordoume Peter.

—Non pasou nada.

—Non fodiches con ela?

—Non, Peter! Se a coñecín onte!

—Mágoa! Estaba boísima a tal Celtia.

—Fixeches dous amigos.

—Eses cativos son uns besbellos, pero son adorables. Descubrín que quero ter fillos, Xocas. Quero ter moitos deses correndo pola casa, en serio.

Escachei coa risa. Peter pai? Difícil de imaxinar. De repente veume á cabeza a imaxe terrorífica dun exército de *mini* Peters marchando en ringleira. Sería unha apocalipse devastadora.

Á fin estabamos alí, na carballeira do Silvar. Coma non era outono, estaba bastante diferente a como a lembraba. As árbores asían as súas follas e a herba lucía unha cor verde viva. Con todo, era igual de fermosa. Peter sacoulle unha foto co móbil.

—Xa ma pasarás.

—Tranquilo, está en *twitter*.

Pensei que escoitara mal.

—Como?

—Que a colguei no *twitter*.

Non podía ser. Eu xa temía o peor.

—Non colgarías no *twitter* toda a nosa aventura, verdade?

—Non, home —suspirei— Como ía publicar o teu con Celtia?

Arrebateille o *smartphone* das mans. Non daba creto. Eu teño moita paciencia, pero había uns límites que Peter se obstinaba en exceder. A nosa viaxe estaba sendo aireada en lances de cento corenta caracteres. Non podía crer que Peter chiara todas as nosas peripecias dende o principio.

—Pero ti... ti... ti es un panoco!

—Que foi, Xocas?

—Como que que foi? Suponse que non llo contariamos a ninguén. Por iso ninguén nos veu buscar. Os nosos pais saben de sobra onde estamos e están agardando serenamente no sofá a que volvamos coas orellas abaixadas para botarnos unha reprimenda e escarallarse de nós. E cóntasmo agora!

—Pois xa me dirás ti que viñemos facer aquí, porque aínda non mo contaches.

—Viñemos a pola cápsula do tempo que soterrei aquí.

—Unha cápsula do tempo?

—Si. Unha caixa na que agochei algo para recuperalo no futuro.

—E que agochaches?

—Non me acordo. Por iso quero abrilas, para ver que é.

—Estasme dicindo que fixemos toda esta viaxe para que ti abras unha caixa que deixaches hai anos aquí?

—Si. Que pasa?

—Onde buscamos, xenio?

O meu plan tiña un pequeno erro. Supoño que deixaría unha marca no lugar onde enterrara a cápsula; unhas pedras, unha cruz ou algo así, pero pasara tanto tempo que xa tería desaparecido. Peter tiña razón. Buscar ao chou era en balde.

—Non sei...

—Fantástico, Xocas! Fenomenal! E agora que? Dime que facemos agora, Xocas. Dime por que carallo me traes a unha puta viaxe sen rumbo.

Peter estaba moi cabreado, e iso era preocupante, porque só se enfadaba cando unha cousa o amolaba de verdade.

—Eu non te obriguei a vir. Ti o decidiches.

—Suplicáchesmo, non digas que non, pero si, decidino eu. Sabes por que? Porque cando subín as escaleiras topeime cunha puta na cama do meu pai e deume tanto noxo que só quería liscar de alí canto antes.

Peter non sabía que o seu pai lle puña os cornos á súa nai. Ouvira os rumores que circulaban por Vilartoxo, claro que si, pero non lles prestara atención.

—Sinto que o teu pai sexa un putañeiro, Peter, pero non te tes que pór así comigo.

—Como queres que me poña, Xocas, se me acabo de decatarse de que todo isto foi inútil?

—Non foi inútil. Foi unha viaxe espiritual na que vivimos experiencias inesquecibles que nos van axudar...

—Non me fodas, Xocas! De que falas? Que viaxe espiritual? Sempre igual, cos teus asuntos espirituais, os teus dilemas sobre quen es, as túas teimas por alcanzar as nosas metas e todas esas caralladas de peli de Hollywood. Es un iluso, Xaquín Alonso.

Aquilo tocoume fondo. Xa sabía que Peter e eu non coincidiamos nun montón de cousas, pero estábame demostrando que non respectaba a miña forma de ser. Xa estaba de malas, así que lle contestei sen pensar.

—E sabes que es ti? Un covarde. Un covarde porque non tes os collóns de dicirle unha soa palabra á moza da que estás namorado. Cres que así vas chegar a algo? A xente que fai a Historia, Peter, toda esa xente que aparece nos libros que deberías follear algunha vez, son xente que loitou por acadar as súas metas e todas esas caralladas de peli de Hollywood, sabías?

—Xa que a ti che gustan tanto as frases orixinais e todo iso, vouche citar unha: “Na loita entre un e o mundo, hai que estar de parte do mundo”.

—Protesto! Hai que estar de parte dun. E se as mulleres sufragistas, os negros escravizados ou os homosexuais reprimidos se tivesen posto de parte do mundo? O ser humano non progresa conformándose co mundo tal e como é e quedando na casa a ver porno, Peter. O ser humano progresa intentando cambiar as cousas para mellorar a sociedade e un mesmo.

—Como queiras, Xocas. Sabes que? Xa me fartei. Marcho.

E deu volta. Eu púxenme a ler as mensaxes que pregoara na rede. Cada unha que lía era máis alucinante ca a anterior. Se todo o que Peter predicara fose certo xa estabamos tardando en recibir unha condecoración das Forzas Armadas, ou polo menos unha insignia dos *Boy Scouts*.

Parei antes de perder os nervios. Necesitaba atopar a cápsula con urxencia. Probei varios métodos: rexistreei toda a carballeira cos ollos, busquei algún cheiro característico, escaravellei nos arredores das árbores... Pero nada.

Estaba a piques de me render cando din coa solución no móbil de Peter. Entre decenas de aplicacións inútiles, coma unha que revelaba a talle de suxeitador que levaba unha muller baseándose só nunha foto da súa cara ou outra que servía para medir milimetricamente o tamaño do pene, había unha *app* que realizaba o labor dun detector de metais.

Rastrexeei o monte guiándome polo que a aplicación me sinalaba, e acabei por chegar a un carballo baixo o cal xa fozara con resultado nulo. O sensor pitaba reiteradamente. Mirei para o ceo desesperado. Foi entón cando reparei nunha rústica caixa de latón que repousaba nunha póla grosa. Non a enterrara!

Tiven que rubir á árbore coma un mono pero foi doado. O adestramento dos últimos días servira para algo. Por fin! Agarreina coas mans, abrina freneticamente e descubrín no seu interior o que levaba tanto tempo procurando.

Un súbito feixe de lembranzas inundou de golpe a miña memoria. Lembrei o colexio da vila, onde vivira tan bos momentos na miña infancia. Lembrei a mascota do bedel, un ganso doméstico que nunca saía do seu escondedoiro. Lembrei a necesidade imperiosa de conseguir un instrumento de escritura porque perdera os meus lapis. Lembrei un neno gordecho aconchegándose. Lembrei un plan infalible. Lembrei como distraera ao ganso para que aquel neno se abalanzase sobre el e lle arrincase unha pluma. A pluma coa que escribiría os poemas de amor para a nena que me gustaba, as listas da compra que a miña nai me encargaba, os exercicios de ortografía que a miña profesora me mandaba, as primeiras anotacións nun caderno que acababa de mercar e os contos fantásticos con desenlace insospeitado que se extraviarían inelutablemente. A pluma que agora sostiña nas miñas mans, sentindo o tacto suave das súas barbas e a dureza do seu cálamo. A pluma que me daba as respostas que andaba buscando. A pluma que me rescataba dunha confusa deriva adolescente. A pluma que deixara alí tanto tempo atrás para recordarme o que sempre quixera ser. A pluma que me revelaba cal era o soño polo que tiña que loitar, cal fora dende sempre. A pluma coa que neste instante estou escribindo estas mesmas verbas.

Tiña que atopar a Peter e amosarlle. Esa pluma era a causa da nosa amizade, a demostración definitiva de que formabamos un equipo perfecto, a razón pola que non podíamos separarnos. Corrí o máis rápido que puiden e cheguei ás canteiras. Nin rastro do meu amigo. Estaba desesperado. Iniciáramos esa viaxe xuntos e tiñámola que rematar xuntos.

Entón escoitei unha voz embarullada que cantaruxaba algo inintelixible. Recoñecín algunhas palabras da letra de Ed Sheeran. Peter escalara unha montaña inmensa de grava e cantaba descamisado dende o cumio, deambulando en zigzag. Na man aferraba a botella de ron da primeira noite, baleira. Gabeei á carreira ata a cima do montón de grixo. Houben esnafrarme.

—Aquí está! Xaquín Alonso, o idealista! Xa atopaches o tesouro? —berrou bébedo.

—Peter! Mira o que había na cápsula! —dixen entusiasmado, ensinándolle a pluma.

—Unha pluma! Unha puta pluma! Es a hostia, Xocas!

—Peter! É unha pluma do ganso do bedel! A pluma que ti lle arrincaches! Non te lembrás agora? Foi así coma nos coñecemos!

Xirou a cachola como fan os cans cando algo lles chama a atención e apalpou a pluma un intre. Ficou coa boca aberta e a súa cara de citote. Logo dun par de minutos de frenética actividade neuronal deuna recoñecido.

—Hostia! É a pluma, meu! A pluma do ganso!

—A nosa pluma, Peter!

Deume unha aperta tan forte que pensei que me esmagaba o esqueleto e botou a chorar.

De súpeto o móbil de Peter, que estaba gardado no meu peto, emitiu un breve son repetidas veces. Saqueino e devolvínlllo. Mirou as notificacións e sorriu exaltado.

—Xocas! Non sabes o que acaba de pasar!

—Que foi?

Empezou a dar chimpos de alegría e guindou coa botella de ron.

—Leila! Leila acaba de *retwittear* todos os meus chíos da viaxe!

—En serio?

Se a Leila lle gustaban as ficticias narracións de Peter tiña posibilidades.

—Si! Lémbrese de min! Isto significa que lle importo, Xocas! Xa sei o que vou facer. Vou liscar da casa. Que lles dean aos meus pais!

—Así se fai!

—E vou volver a Vilartoxo no verán para declararme a Leila. E marcharemos os dous moi lonxe, onde ninguén nos toque as pelotas. E casaremos e teremos unha chea de fillos.

—Ben falado! Podes quedar con Silvio un tempo, seguro que lle parece ben.

—E que vas facer ti?

—Eu si que volvo a Vilartoxo. Aínda me queda moito por aprender alí. Quero escribir sobre a nosa aldea, sobre todas as aldeas, sobre nós.

Eu tiña un soño que cumprir e unha causa que ennobrecer. Plasmar en papel unha realidade tan chea de tons e matices coma o noso rural non había ser tarefa fácil.

—Claro que si. A ti iso dáseche moi ben. Tes que relatar todas as nosas fazañas para que eu llas poida ler aos meus fillos. Tes que contar como nos internamos nos confíns das fragas, como vencemos a toda clase de criaturas, como loitamos pola nosa supervivencia e como finalmente acadamos con orgullo a nosa meta. Somos uns heroes, cabaleiro da triste figura.

—Cabaleiro dos leóns, quererás dicir!

—Non sei que faría sen ti, meu.

—Non terías a quen facerlle as túas consultas sexuais. E tranquilo, non es un adicto ao sexo, eu tamén me masturbo moitas veces.

A decencia impídeme transcribir o resto daquela conversa.

E deste xeito rematou a nosa viaxe. Tres días e dúas noites cheos de retrincos para enmarcar. Unha viaxe que me fixo volver conectar con min mesmo. Unha viaxe na que coñecera unha rapaza marabillosa, Celtia. Non me namorara dela nun día, dende logo, pero perdera o medo a non namorarme nunca. No fondo a aventura era a xente coa que se compartía: Celtia, Silvio, os xemelgos... e sobre todo, sobre todo, o meu mellor amigo Peter, que aprendera a tomar as súas propias decisións e contaxiárame a súa recentemente estreada vitalidade. Porque aos dezaseis anos non se pode ser un conformista.